

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 10 de marzo de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a empresas illadas en zonas rurais para a contratación de servizos de banda larga ultrarrápida, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (procedemento administrativo PR604A).

As novas economías baseadas no coñecemento e favorecedoras da sustentabilidade teñen un papel protagonista na Estratexia Europa 2020, a estratexia de crecemento intelixente para Europa que establece as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) e a accesibilidade á banda larga como uns dos elementos facilitadores do dito crecemento.

No contexto da Estratexia Europa 2020, a Axenda dixital para Europa establécese como o marco en que acadar en 2020 un acceso xeneralizado á internet a velocidades de, polo menos, 30 Mbps e que a metade dos cidadáns teñan contratados servizos de, polo menos, 100 Mbps.

A nivel estatal, o Goberno de España aprobou no ano 2013 a Axenda dixital para España como marco de referencia para establecer unha folla de ruta en materia TIC e de Administración electrónica e articular a estratexia nacional para acadar os obxectivos da Axenda dixital para Europa.

Así mesmo, a Xunta de Galicia aprobou o 30 de abril de 2015 a Axenda dixital de Galicia 2020, que toma como punto de partida os esforzos realizados nos catro últimos anos a través da Axenda dixital de Galicia 2014.gal. A aprobación da Axenda dixital de Galicia 2020 veu precedida da aprobación da Estratexia galega de crecemento dixital, o que reafirmou que as novas tecnoloxías constitúen unha prioridade estratéxica vital para a competitividade de Galicia.

No entanto, debido ás características do tecido produtivo galego, moi disperso xeograficamente e no cal predominan as pequenas empresas, existen barreiras á contratación de servizos axeitados de banda larga ultrarrápida, o cal deriva en problemas de compe-



titividade e a perda gradual de oportunidades de emprego. Esta problemática do acceso desigual á banda larga ultrarrápida entre o tecido produtivo galego require da articulación de medidas específicas que atallen a situación.

O Plan de banda larga de Galicia 2020 (PDBL2020), aprobado o 1 de outubro de 2015 polo Consello da Xunta de Galicia, coa vista posta en dar cumprimento ao obxectivo que establece a Axenda dixital de Galicia 2020 para impulsar un modelo de crecemento vencellado á economía dixital, prevé o impulso de medidas que faciliten a extensión da banda larga ultrarrápida especialmente nas zonas máis illadas.

Facilitar a contratación de servizos axeitados de banda larga ultrarrápida actuará como elemento tractor para avanzar en Galicia na transformación dixital do tecido produtivo, un factor fundamental para lograr un mellor posicionamento competitivo pola vía de incorporar as novas tecnoloxías nos procesos operativos e de negocio para que as empresas sexan máis eficientes e permitan crear novas oportunidades.

De feito, a tendencia das tecnoloxías de nova xeración que están revolucionando os procesos empresariais tradicionais (a computación na nube, a impresión 3D, as máquinas intelixentes, a internet das Cousas, Big Data, etc.), exige non só un servizo sen fisuras en toda a Comunidade, senón tamén un maior largo de banda.

Dada a importancia da accesibilidade das empresas á banda larga ultrarrápida, con data do 8 de abril de 2016, a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), ditou resolución pola que se aprobaron as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a extensión de redes de banda larga de nova xeración de moi alta velocidade en polígonos industriais para o desenvolvemento da industria 4.0 en Galicia (procedemento administrativo PR603A; DOG nº 77, do 22 de abril de 2016). Estas axudas, pensadas para que os principais centros empresariais de Galicia teñan banda larga ultrarrápida, complementaranse para chegar ás empresas illadas, entre outras medidas, polas convocatorias de axudas directas a empresas illadas para a contratación de servizos de banda larga ultrarrápida que se diten ao abeiro das bases aprobadas pola presente resolución.

Estas medidas ampáranse no Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR), aprobado por Decisión de execución da Comisión C (2015) 8144, do 18 de novembro de 2015, a cal prevé actuacións encamiñadas a axudas directas á provisión de acceso



á banda larga ultrarrápida dentro da medida 7 de apoio aos servizos básicos e renovación da poboación rural, na submedida 7.3 de apoio ás infraestruturas de banda larga. Así mesmo, estas medidas están financiadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), xunto con fondos da Comunidade Autónoma de Galicia e da Administración xeral do Estado.

As subvencións concedidas nas convocatorias que se diten ao abeiro das bases que se aproban mediante a presente resolución articularanse como axudas *de minimis* ao abeiro, segundo o sector da actividade subvencionada, do Regulamento (UE) nº 1408/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do TFUE ás axudas *de minimis* no sector agrícola e do Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea (TFUE) ás axudas *de minimis* para os restantes sectores de actividade.

Con base no anterior, e en uso das competencias atribuídas no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia,

RESOLVO:

Artigo 1. *Bases reguladoras e convocatoria*

1. Constitúe o obxecto da presente resolución a aprobación das bases reguladoras para a concesión de subvencións a empresas illadas para a contratación de servizos de banda larga ultrarrápida, as cales se achegan como anexo I á presente resolución.

2. Así mesmo, por medio desta resolución convócanse as citadas subvencións para o ano 2017 (procedemento administrativo PR604A).

Artigo 2. *Solicitudes*

1. O prazo para a presentación das solicitudes é dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ata ao primeiro día hábil seguinte.



2. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica, a través dos formularios normalizados que figuran no anexo II, dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

3. Cada solicitude deberá facer referencia á provisión de acceso á banda larga ultrarrápida nunha única localización xeográfica (nave industrial, edificio, oficina...). Se unha mesma empresa desexa solicitar subvencións para diferentes localizacións xeográficas, deberá presentar unha solicitude por cada unha desas localizacións.

4. O feito de non axustarse aos termos das bases reguladoras e da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información, serán causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3. *Procedemento de concesión*

1. Unha vez terminado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras.

2. O prazo máximo para ditar resolución expresa e notificala aos interesados será de cinco (5) meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Transcorrido o prazo sen se ditar resolución expresa, os interesados poderán entender como desestimada a súa solicitude por silencio administrativo, de conformidade co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4. *Ámbito xeográfico*

O ámbito xeográfico corresponderase coas zonas obxectivo indicadas no anexo III.

Artigo 5. *Ámbito temporal*

Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados na data límite de xustificación, que é o 31 de outubro de 2017.



Artigo 6. *Crédito*

Para o financiamento desta convocatoria está prevista unha dotación orzamentaria máxima de 500.000 euros que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 04.A1.571A.770.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017. Este orzamento execútase dentro do código de proxecto 2016 00001 da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Este crédito está cofinanciado nun 75 % polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), nun 7,5 % polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e nun 17,50 % pola Xunta de Galicia no marco da submedida 7.3 de «apoio ás infraestruturas de banda larga, en particular á súa creación, mellora e ampliación, ás infraestruturas de banda larga pasivas e á oferta de acceso á banda larga e a solucións de administración electrónica» do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR).

Artigo 7. *Intensidade da subvención*

1. Os solicitantes deberán indicar no anexo II a porcentaxe de subvención que solicitan sobre os gastos subvencionables, o que será valorable de conformidade co disposto no artigo 19 das bases reguladoras.

2. A intensidade da subvención que se poida conceder a cada beneficiario coincidirá coa indicada na súa solicitude cun máximo de 20.000 euros de subvención por proxecto subvencionado, sen menoscabo das limitacións adicionais que estableza o marco normativo de aplicación.

Artigo 8. *Realización do proxecto subvencionado e xustificación da súa realización*

1. A execución dos investimentos subvencionables levarase a cabo entre o día seguinte á data de presentación da solicitude e o 31 de outubro de 2017.

2. A documentación xustificativa do cumprimento da finalidade da subvención deberá presentarse ata o 31 de outubro de 2017.

3. En todo caso, a execución de investimentos por un solicitante con carácter previo á resolución de concesión da subvención non xerará dereitos no caso de que o solicitante non resulte beneficiario.



Artigo 9. Información aos interesados

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código PR604A, poderá obterse documentación normalizada ou información adicional na Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) a través das seguintes canles:

1. Páxina web: <http://amtega.xunta.gal/>
2. Teléfono: 981 54 55 35.
3. Enderezo electrónico: amtega@xunta.gal
4. Presencialmente.

5. Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outros procedementos poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia (012 ou 902 12 00 12 se chama desde fóra de Galicia).

Disposición adicional primeira. *Habilitación para o desenvolvemento*

Facúltase á Área de Sociedade Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para que dite as instrucións que sexan precisas para o desenvolvemento e a aplicación desta resolución.

Disposición adicional segunda. *Condicionamento da concesión de subvencións*

A resolución de concesión de subvencións ao abeiro desta convocatoria queda condicionada á aprobación da modificación do PDR 2014-2020 e, de non acadarse a aprobación desta modificación por parte dos servizos da Comisión, deberá atenderse ao establecido na redacción vixente do PDR 2014-2020, aprobado por Decisión de execución da Comisión C (2015) 8144, do 18 de novembro de 2015.

Así mesmo, a aplicación dos criterios de valoración recollidos nas bases reguladoras, queda vinculada á aprobación dos criterios de selección de operacións por parte do Comité de seguimento do PDR 2014-2020.



Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

A presente resolución entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2017

María del Mar Pereira Álvarez
Directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión de subvencións a empresas illadas en zonas rurais para a contratación de servizos de banda larga ultrarrápida, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020

CAPÍTULO I

Obxecto e ámbito

Artigo 1. *Obxecto das subvencións*

As subvencións reguladas nestas bases teñen por obxecto a concesión de subvencións a empresas illadas en zonas rurais para a contratación de servizos de banda larga ultrarrápida.

Esta actuación enmárcase na folia de ruta do Plan de banda larga de Galicia 2020 (PDBL2020), aprobado por Acordo do 1 de outubro de 2015 adoptado polo Consello da Xunta de Galicia.

Así mesmo, as subvencións reguladas nas presentes bases ampárase no Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR), aprobado por Decisión de execución da Comisión C (2015) 8144, do 18 de novembro de 2015, o cal prevé actuacións encamiñadas á concesión de axudas directas á provisión de acceso á banda larga ultrarrápida na submedida 7.3 de apoio ás infraestruturas de banda larga. O Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 está cofinanciado ao 75 % polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao 7,5 % polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e ao 17,50 % pola Xunta de Galicia.

Artigo 2. *Ámbito xeográfico*

As convocatorias ditadas ao abeiro das presentes bases axustarán o seu ámbito xeográfico a zonas claramente delimitadas da Comunidade Autónoma de Galicia consideradas



coma rurais ou intermedias, segundo a clasificación elaborada polo Instituto Galego de Estatística con base no grao de urbanización, a cal se recolle no Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.

Artigo 3. *Ámbito temporal*

O ámbito temporal de vixencia das presentes bases será desde o día seguinte á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ata o 31 de decembro de 2020.

CAPÍTULO II **Requisitos e obrigas**

Artigo 4. *Requisitos das solicitantes*

1. Poderán solicitar e beneficiarse das subvencións, sen prexuízo de reuniren os demais requisitos establecidos nestas bases reguladoras, as empresas privadas, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, legalmente constituídas, que acrediten coa solicitude de subvención o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Ter domicilio fiscal ou polo menos un centro de traballo en Galicia.

b) Non ter contratado nin poder contratar en condicións de mercado, na localización obxecto de solicitude, servizos de banda larga con trinta (30) ou máis megabits por segundo de descarga (fluxo de datos no sentido da rede ao usuario), e estar, por tanto, illada das redes que prestan estes servizos.

c) Non estar situada a empresa dentro dun polígono industrial que xa conte con acceso a redes de banda larga ultrarrápida ou que dispoña de plans de despregamento en curso para estas redes e estar, por tanto, a empresa illada destas redes.

Especialmente, consideraranse polígonos con plans de despregamento en curso os polígonos beneficiados ao abeiro da Resolución do 8 de abril de 2016 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a extensión de redes de banda larga de nova xeración de moi alta velocidade en polígonos industriais para o desenvolvemento da industria 4.0 en Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o período 2016-2018 (procedemento administrativo PR603A; DOG do 22 de abril de 2016).



d) Solicitar e obter tres ofertas, como mínimo, de diferentes provedores de acordo co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, agás que polas especiais características dos gastos ou a localización en que se pretende levar a cabo o proxecto non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten.

2. Non poderán ser beneficiarias as agrupacións de persoas xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade que careza de personalidade xurídica propia, así como as persoas xurídicas que non teñan ánimo de lucro, aínda que realicen actividade económica.

3. Non poderán obter a condición de beneficiario aqueles nos cales concurra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, LSG). A acreditación de non estar incursos nas ditas prohibicións realizarase mediante declaración responsable do interesado, con independencia das comprobacións que preceptivamente deba efectuar o órgano xestor.

4. Non poderán acadar a condición de beneficiaria as empresas en crise, de acordo coa definición e coas condicións establecidas nas directrices sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas non financeiras en crise (2014/C249/01). Tampouco poderán ser beneficiarias aquelas empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que teña declarado unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

Artigo 5. *Obrigas das persoas beneficiarias*

1. Con carácter xeral, son obrigas das persoas beneficiarias as establecidas no artigo 11 da LSG e, en particular, as establecidas nestas bases reguladoras, as que se determinen en cada convocatoria, as que figuren na resolución de concesión das subvencións e nas instrucións específicas que, en aplicación e cumprimento das presentes bases e de cada convocatoria, sexan aprobadas en materia de execución, seguimento, pagamento das subvencións, información e publicidade, xustificación e control do gasto.

2. Terán a consideración de obrigas das persoas beneficiarias:

a) Realizar o proxecto que fundamente a concesión da subvención.

b) Manter a alta no servizo contratado inicial durante, polo menos, un (1) ano.



c) Acreditar a realización do proxecto obxecto de subvención no prazo sinalado na convocatoria ou excepcionalmente o que se sinale na resolución, cando esta sexa consecuencia da estimación dun recurso potestativo de reposición.

d) Dispor de acceso a redes de banda larga ultrarrápida na localización obxecto de subvención por un período mínimo de tres (3) anos desde a realización do proxecto subvencionado.

e) Atoparse ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma. No caso de que as actuacións de oficio levadas a cabo polo órgano instructor, consonte o artigo 20.3 da LSG, non acrediten o cumprimento das ditas obrigas, requirirase o solicitante ou beneficiario para que acredite a situación e presente por si mesmo o correspondente certificado.

f) Facilitar as comprobacións do órgano encargado do seguimento das subvencións encamiñadas a comprobar a realización das actividades obxecto da subvención. Así mesmo, en relación co proxecto obxecto de subvención, os beneficiarios deberán someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro das entidades competentes e, en particular, da Consellería do Medio Rural, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), do Consello de Contas, do Tribunal de Contas e ás que sexan realizadas por calquera órgano comunitario de inspección ou control.

g) Someterse aos controis administrativos, controis sobre o terreo e controis *a posteriori* previstos na normativa comunitaria, en aplicación do establecido no Regulamento (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ao sistema integrado de xestión e control.

h) Proporcionar á autoridade de xestión, aos avaliadores designados ou a outros organismos en que a dita autoridade delegase a realización deste tipo de tarefas toda a información necesaria para poder realizar o seguimento e a avaliación do programa, en particular en relación co cumprimento de determinados obxectivos e prioridades, de conformidade co disposto no artigo 71 do Regulamento (UE) nº 1305/2013.

i) Comunicar ao órgano concedente a obtención de subvencións ou axudas que financien o proxecto subvencionado, así como a modificación das circunstancias que funda-



mentasen a concesión da subvención. Estas comunicacións deberán efectuarse tan pronto como se coñezan.

j) Manter un código contable diferenciado que recolla axeitadamente todas as operacións relacionadas co proxecto tal e como se establece no artigo 66.1.c) e i) do Regulamento (UE) nº 1305/2013. Así mesmo, deberán dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos nos termos exixidos pola lexislación aplicable ao beneficiario, así como das facturas e demais xustificantes de gasto de valor probatorio equivalente e os correspondentes xustificantes de pagamento. Este conxunto de documentos constitúe o soporte xustificativo da subvención concedida e garante o seu adecuado reflexo na contabilidade das persoas beneficiarias, polo que deberá manterse accesible durante un período mínimo de 5 anos.

k) Dar axeitada publicidade ás subvencións recibidas conforme o disposto no artigo 29.

3. O incumprimento de calquera das obrigas sinaladas nas presentes bases poderá ser causa da perda de dereito ao cobramento ou do reintegro da subvención concedida segundo a fase do procedemento en que se atope a tramitación do expediente.

4. Cando un beneficiario non poida executar o proxecto deberá renunciar á subvención e, de ser o caso, proceder ao reintegro da subvención recibida. Non renunciar poderá conducir á instrución dun expediente sancionador en materia de subvencións.

CAPÍTULO III

Actividade subvencionable

Artigo 6. Proxectos subvencionables e non subvencionables

1. As subvencións están destinadas á contratación de servizos de banda larga ultrarrápida que cumpran os seguintes parámetros de nivel de servizo:

a) Permitir unha taxa de transferencia nominal por usuario final no sentido da rede cara ao usuario de, polo menos, 30 Mbps medidos na saída do equipamento da rede do operador máis próximo ao usuario final (canle descendente), cunha garantía de caudal do 80 % (o 95 % do tempo).

b) Permitir, mantendo todas as características do servizo inalteradas, a transferencia ilimitada de datos en ambos os sentidos (da rede ao usuario e do usuario á rede).



c) Asegurar unha dispoñibilidade do servizo, nos termos de calidade de servizo mencionados de, polo menos, o 98 % medida en intervalos de meses naturais por usuario final.

d) Asegurar que os parámetros de calidade de servizo (QoS) de transmisión de datos proporcionado (jitter, retardo e taxa de perda de paquetes) son compatibles coa realización de comunicacións de voz e vídeo en tempo real.

e) Resolver polo menos o 95 % das incidencias que supoñan un corte de servizo en vinte e catro (24) horas ou menos.

2. Todos os proxectos subvencionables deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Que non estean iniciados na data de presentación da solicitude de subvención.

b) Que sexan finalistas, é dicir, que no momento da certificación final cumpran os obxectivos e funcións para os cales se lles concedeu a subvención.

c) Que sexan viables técnica, económica e financeiramente.

d) Que se axusten ás especificacións indicadas nas presentes bases e as das convocatorias correspondentes que se diten.

e) Que requiran dun gasto polo interesado de cando menos 2.000 euros (sen IVE) en condicións de mercado, en conceptos subvencionables, e que este gasto se corresponda coa oferta economicamente máis vantaxosa para o interesado, con independencia do posible financiamento público.

3. Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados na data límite de xustificación que se dite na convocatoria.

4. Serán considerados gastos subvencionables os custos de provisión de acceso á banda larga ultrarrápida ao usuario final na localización indicada na solicitude sempre que cumpran todos os requisitos fixados nas presentes bases e na convocatoria correspondente.

5. Serán considerados gastos non subvencionables:

a) Servizos de mantemento ou garantía adicional.

b) Conceptos tales como cotas de mantemento ou hospedaxe, así como as mensualidades correspondentes á prestación de servizos de banda larga.



c) Licenzas de software.

d) Equipamento de rede interior do solicitante.

e) O imposto sobre o valor engadido e calquera outro non permitido pola normativa aplicable á execución dos fondos Feader.

Artigo 7. *Tipo e intensidade da subvención*

1. As subvencións que se concedan financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias que se determinen nas correspondentes convocatorias.

2. A intensidade máxima das subvencións fixarase, para cada caso, nas convocatorias ditadas ao abeiro das presentes bases.

3. As subvencións reguladas nestas bases están financiadas con fondos Feader e, por tanto, serán incompatibles con calquera outra subvención que, para o mesmo gasto, leve cofinanciamento comunitario, independentemente do fondo de procedencia e da súa tipoloxía (subvención directa, bonificación de xuros...). Tamén serán incompatibles con outras subvencións encadradas en calquera das outras medidas ou submedidas do PDR. Igualmente, os préstamos do Banco Europeo de Investimentos (BEI), aínda sendo compatibles para un mesmo proxecto, son incompatibles para un mesmo gasto específico.

Non obstante o anterior, as subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras serán compatibles con outras axudas, subvencións ou recursos destinados á mesma finalidade, tanto de orixe pública como privada, sempre que a intensidade máxima das axudas con fondos públicos non exceda o 100 % do importe elixible do proxecto.

4. As subvencións concedidas nas convocatorias ditadas ao abeiro das presentes bases estarán limitadas polos importes totais de axudas acumuladas mencionados nos regulamentos que sexan de aplicación, segundo se detalla no artigo 8.

Artigo 8. *Subvencións baixo condicións de minimis*

As subvencións concedidas ao abeiro das presentes bases quedan sometidas ao réxime de axudas *de minimis*, polo que non poderán exceder os límites cuantitativos establecidos nos seguintes regulamentos, segundo proceda:

1. Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de*



minimis (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013). Nos termos desta normativa, a axuda total *de minimis* concedida a unha única empresa non excederá os 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais. Cando se trate dunha única empresa que realice por conta allea operacións de transporte de mercadorías por estrada, o importe total das axudas *de minimis* concedidas non excederá os 100.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, sen que estas axudas se poidan utilizar para a adquisición de vehículos de transporte de mercadorías por estrada.

2. Regulamento (UE) nº 1408/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013). Nos termos desta normativa, a axuda total *de minimis* concedida a unha única empresa non excederá os 15.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais.

CAPÍTULO IV

Representación e presentación de solicitudes

Artigo 9. *Representación*

1. As persoas físicas que realicen a sinatura da solicitude ou a presentación de documentos en representación das persoas solicitantes ou beneficiarias das subvencións deberán dispor da representación necesaria para cada actuación, nos termos establecidos no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. A representación poderá acreditarse mediante calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia.

3. Cando o asinante dispoña da representación en virtude dun poder outorgado ante notario, isto é, mediante un documento elevado a público, poderase acreditar a representación sen necesidade de achegar o documento de apoderamento, pero sempre que se declaren correctamente ante o órgano instructor os datos necesarios para a consulta electrónica automatizada sobre o dito apoderamento. Estes datos necesarios declararanse no formulario normalizado da solicitude, con identificación do tipo de representación tales como administrador único, administrador solidario, conselleiro delegado ou apoderado, entre outros, así como os datos identificativos da escritura outorgada ante notario.

Artigo 10. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo para a presentación das solicitudes será o indicado en cada convocatoria.



Artigo 11. *Presentación de solicitudes*

1. As solicitudes serán presentadas directamente polos interesados ou pola persoa que acredite a súa representación segundo o indicado no artigo 9.

2. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

3. A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas, os profesionais colexiados e as persoas representantes dalgunha das anteriores.

4. Se algunha das persoas obrigadas anteriores presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

5. Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

6. Se a solicitude non reunir os requisitos establecidos, requirirase o interesado para que a emende no prazo máximo de dez (10) días, indicándolle que, se non o fixer, se dará por desistido da súa solicitude, de acordo co establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 12. *Comprobación de datos para a tramitación do procedemento*

1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos dos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) Número de identificación fiscal (NIF) da persoa solicitante.
- b) DNI da persoa representante que asine a solicitude ou, de ser o caso, cando esta persoa sexa estranxeira residente, o NIE.
- c) Certificado de estar ao día nas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.



d) Certificado de estar ao día nas obrigas coa Seguridade Social.

e) Certificado de estar ao día nas obrigas coa Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

a) Poder de representación, cando a persoa representante teña esta condición en virtude dun poder outorgado ante notario.

b) Poder especial de representación, cando a persoa representante teña esta condición en virtude dun documento privado xa presentado con anterioridade nun procedemento administrativo da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

3. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de solicitude e achegar os devanditos documentos, segundo o disposto no artigo 13 das bases reguladoras.

4. No caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a súa presentación.

Artigo 13. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación económica complementaria:

a) A oferta para a provisión de acceso á banda larga ultrarrápida para a cal o interesado solicita a subvención.

b) As outras ofertas para a provisión de acceso á banda larga ultrarrápida, na localización para a cal se solicita a subvención e que non foron elixidas polo interesado, de térense recibido.

c) Xustificación da elección da oferta para a provisión de acceso á banda larga ultrarrápida para a cal o interesado solicita a subvención, cando a elección non recaia na oferta de menor importe.



d) No caso de que non sexa posible obter as tres ofertas indicadas no artigo 4.1.d) deberá porse de manifesto este feito mediante a declaración responsable incluída no anexo II e o solicitante xuntará unha xustificación de dita imposibilidade na cal indicará os motivos que impediron obter as tres ofertas (ausencia de provedores do servizo na zona, inexistencia de solucións técnicas dos provedores para a localización na cal se solicita a provisión, etc.)

As ofertas presentadas e os provedores escollidos supoñen unha documentación vinculante para o desenvolvemento do proxecto no caso de resultar beneficiario da subvención.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á comprobación de datos segundo o indicado no artigo 12 das bases reguladoras ou existan circunstancias que aconsellen a súa presentación expresa, as persoas interesadas deberán presentar aqueles documentos sobre os cales se opoñan á súa comprobación.

3. No caso de que as persoas interesadas teñan que acreditar a representación cun documento expreso sen poderen empregar as distintas opcións de comprobación de datos xa indicadas no artigo 12, achegarán a documentación suficiente en dereito para acreditar a representación exercida.

4. Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

5. A documentación complementaria presentárase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o seu cotexo coa copia electrónica presentada.

A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitud. Se algunha das persoas suxeitas á dita obriga presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través



da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica opcionalmente poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

7. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 14. *Trámites administrativas posteriores á presentación de solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados para a facilitar a realización de trámites administrativos despois da presentación das solicitudes de inicio. Estes modelos presentaranse por medios electrónicos accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán presentalos presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 15. *Consentimentos e autorizacións*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación do contido da convocatoria e das bases reguladoras, así como a asunción da veracidade dos datos nela recollidos e a responsabilidade sobre a inclusión destes datos, incluso a responsabilidade que se asume por posibles erros realizados a título de simple negligencia.

2. A presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para recadar información complementaria e efectuar as comprobacións que sexan necesarias cos provedores de servizos de banda larga respecto das solicitudes de ofertas para a provisión



de acceso á banda larga ultrarrápida ao usuario final na localización para a cal se solicita a subvención, e a resposta ás ditas solicitudes.

3. A presentación da solicitude de subvención pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento, e neste caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

4. Conforme o previsto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o órgano concedente publicará no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas ao abeiro destas bases.

5. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Amtega publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das subvencións concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas subvencións e as sancións que como consecuencia delas puideren impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Con todo, as persoas interesadas poderán pedir que non se fagan públicos os seus datos cando poidan afectar a honra e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas, segundo o establecido na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio.

CAPÍTULO V

Regras do procedemento de concesión

Artigo 16. Órganos competentes

1. A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia convocará e resolverá as subvencións ditadas ao abeiro das presentes bases reguladoras.

2. A Área de Sociedade Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia será o órgano encargado da instrución e do seguimento das subvencións.



3. A Xerencia da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia será a encargada da xestión económico-orzamentaria dos gastos e ingresos deste programa, do seguimento da súa execución e da aplicación do réxime sancionador.

Artigo 17. *Instrución dos procedementos*

1. O órgano competente para a instrución realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de acordo co establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O órgano competente para a instrución verificará a moderación dos custos propostos seguindo o indicado no artigo 48.2.e) do Regulamento (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.

3. Unha vez revisadas as solicitudes e feitas as emendas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán valorados en réxime de concorrência competitiva, conforme os criterios de adxudicación e valoración previstos nestas bases por unha comisión de valoración.

Artigo 18. *Comisión de valoración*

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo 19, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

a) Presidente: persoa titular da Xerencia da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ou a persoa que a substitúa.

b) Dous vogais nomeados pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia de entre os seus membros.

c) Secretario: persoal funcionario da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.



3. Os suplentes serán designados polo presidente da comisión de valoración.

4. A comisión poderá estar asistida por expertos externos que estarán suxeitos ao mesmo réxime de confidencialidade e ás mesmas causas de abstención que os traballadores públicos.

5. Así mesmo, a comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica para os efectos de colaborar na revisión e valoración dos documentos presentados xunto coa solicitude. Tanto os membros da comisión como os membros da subcomisión técnica poderán percibir axudas de custo por asistencia e axudas para gastos de locomoción por concorreren ás sesións conforme o Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

6. A comisión de valoración realizará un informe co resultado da valoración que conterá, polo menos, o seguinte:

a) Relación de solicitudes para as cales se propón a concesión de subvencións, especificando para cada unha delas a puntuación alcanzada, o gasto subvencionable, a contía da subvención e, se for o caso, as condicións técnico-económicas particulares asociadas.

b) Relación de solicitudes para as cales non se propón a concesión de subvencións, especificando para cada unha delas os motivos que concorren.

7. Sen prexuízo do recollido nos puntos anteriores, á vista da documentación dispoñible ou como resultado da valoración obtida en función dos criterios recollidos no artigo 19, a comisión de valoración poderá considerar que un proxecto presentado non cumpre as exixencias contidas nestas bases por non adecuarse aos obxectivos da convocatoria ou non ser considerado viable técnica, económica ou financeiramente.

Artigo 19. *Criterios de valoración*

1. Os criterios de valoración que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión da subvención daqueles proxectos que reúnan todos os requisitos exixidos nas presentes bases e na correspondente convocatoria ditada ao seu abeiro, serán os seguintes:

a) Intensidade de subvención solicitada: ata un máximo de 25 puntos.

Valorarase o esforzo investidor do solicitante con base na fracción de subvención solicitada respecto do custo total subvencionable de provisión de acceso á banda larga ultra-



rápida. Para cada convocatoria, ao solicitante ou solicitantes con menor intensidade de subvención se lles asignará o total de puntos asociados ao presente criterio de valoración. O solicitante ou solicitantes que soliciten o total do custo de provisión de acceso á banda larga ultrarrápida non recibirán puntos con base no presente criterio de selección, sempre e cando non sexan tamén o solicitante ou solicitantes con menor intensidade de subvención. O resto dos solicitantes recibirán unha cantidade de puntos proporcional con base na intensidade de subvención mínima de todos os solicitantes da convocatoria (100 % dos puntos) e a máxima intensidade posible do 100 % (0 % dos puntos).

b) Número de usuarios que se dotan da posibilidade de acceder aos servizos: ata un máximo de 45 puntos.

Valorarase, segundo sexa de aplicación, con base no número medio de empregados da localización á cal se lle prestará o servizo de banda larga ultrarrápida, conforme os seguintes criterios:

1º. Desde 0 a menos de 50 posibles usuarios: 100 % dos puntos.

2º. Desde 50 a menos de 100 posibles usuarios: 50 % dos puntos.

3º. Desde 100 posibles usuarios: 25 % dos puntos.

c) Mellora do servizo de banda larga: ata un máximo de 30 puntos.

Valorarase a mellora que supón o servizo de banda larga ultrarrápida incluído na proposta do solicitante respecto dos servizos de banda larga existentes con anterioridade na localización á que se refire a solicitude segundo o seguinte criterio:

1º. Solicitude ou solicitudes que supoñan a maior mellora do caudal de baixada: 100 % dos puntos.

2º. Solicitude ou solicitudes que supoñan a menor mellora do caudal de baixada: 0 % dos puntos.

O resto das solicitudes recibirán unha cantidade de puntos proporcional con base nas solicitudes que supoñan unha maior e menor mellora do caudal de baixada.

2. Para que unha solicitude poida ser seleccionada deberá ter unha valoración con base nos anteriores criterios de valoración de, polo menos, o 30 % do total da puntuación máxima.



3. En caso de ter que desempatar solicitudes coa mesma valoración global, comparáranse, por orde, as puntuacións de cada criterio de valoración, priorizando as solicitudes que teñan unha mellor valoración nun criterio que apareza con anterioridade. No caso de non resolverse o empate seguindo este criterio, decidírase en favor das solicitudes que correspondan ás empresas con maior número de usuarios.

Artigo 20. *Audiencia*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poñerase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez (10) días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

2. Poderase prescindir do trámite a que se refire o número anterior cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 21. *Resolución*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, a comisión de valoración emitirá informe en que se concrete o resultado da avaliación efectuada e remitirao ao órgano instructor.

2. O órgano instructor, á vista do informe, ditará a correspondente proposta de resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, os proxectos que se subvencionan e o seu custo, así como a subvención concedida e a súa contía ou, se for o caso, a causa de denegación, e elevaraa ao órgano competente para resolver.

3. A proposta de resolución terá en consideración as limitacións ao outorgamento de axudas en xeral e *de minimis* en particular, segundo a situación do solicitante, o cal pode supoñer a imposibilidade de recibir axudas ou a súa minoración. No caso de que as anteditas limitacións sexan de aplicación a solicitudes dun mesmo solicitante e convocatoria, outorgaranse subvencións a solicitudes por orde de valoración descendente.

4. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución aos interesados será o fixado en cada convocatoria. Se transcorrer o prazo máximo para resolver sen se ditar resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.



5. Na resolución de concesión da subvención farase constar, cando menos:

a) Compromisos asumidos polos beneficiarios.

b) Créditos orzamentarios a que se imputa o gasto, contía da subvención, fondo europeo, medida, submedida e prioridade do PDR das que se trata, e porcentaxe de financiamento.

c) Prazos e modos de pagamento da subvención.

d) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.

e) Condicións técnicas e económicas que debe cumprir o proxecto obxecto da subvención concedida.

Artigo 22. *Notificacións*

1. Notifícaranse ás persoas interesadas as resolucións e actos administrativos que afecten os seus dereitos e intereses, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

3. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia Notific@, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude para os efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase



rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 23. *Réxime de recursos*

As resolucións de concesión da subvención poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

1. Recurso potestativo de reposición ante o órgano competente para resolver, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa. Se o acto non for expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

2. Recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis (6) meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 24. *Modificación da resolución de concesión*

1. Toda alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da subvención concedida. En particular, a variación do orzamento aceptado polo órgano concedente e a obtención concorrente de subvencións, axudas ou recursos outorgados por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da subvención concedida. Tamén dará lugar á modificación da subvención a alteración das condicións establecidas na resolución de adxudicación da subvención.

2. Unha vez ditada a resolución de concesión e, en todo caso, antes de que remate o prazo para a realización do proxecto, o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido achegando xunto coa solicitude de modificación un novo exemplar actualizado e



asinado do documento normalizado correspondente para acreditar a non vinculación cos provedores.

No suposto de que as novas circunstancias afecten criterios tidos en conta na valoración, procederase a revalorar o proxecto, o que poderá, neste caso, dar como resultado unha modificación á baixa da subvención concedida ou a perda do dereito a esta.

3. Para a modificación da resolución de concesión non poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que se ditou a resolución, tiveron lugar con posterioridade a ela.

4. Os beneficiarios terán a obriga de comunicar ao órgano concedente calquera alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión da subvención.

5. As modificacións da resolución de concesión poderanse autorizar sempre que:

a) A modificación solicitada non desvirtúe a finalidade da subvención e non supoña incremento do orzamento,

b) Non exista prexuízo de terceiros, e

c) Os novos elementos e circunstancias que motivan a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non suporían a denegación da subvención.

A conformidade expresa do órgano concedente coas mencionadas modificacións só será outorgada cando non se altere significativamente o proxecto inicial e se cumpran os requisitos antes indicados.

Artigo 25. *Aceptación e renuncia*

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución de concesión, transcorridos dez (10) días hábiles desde a notificación ou publicación desta sen que o interesado comunique expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario.

2. A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



3. No caso de que se comunique a renuncia, o órgano competente para resolver ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. No suposto de que algún beneficiario renuncie á subvención concedida, os créditos liberados poderán asignarse por orde decrecente de puntuación aos proxectos admitidos que non obtivesen subvención por esgotamento do crédito previsto.

Artigo 26. *Xustificación e pagamento das subvencións*

1. A xustificación da subvención será realizada polo beneficiario de acordo co establecido no capítulo IV, artigo 27 e sucesivos, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no título III, capítulo II, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei e, cando o proxecto estea cofinanciado polo Feader, co establecido na normativa aplicable do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) da Unión Europea.

2. A modalidade de xustificación adoptada para a acreditación da realización do proxecto, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos na resolución de concesión, será a de conta xustificativa de acordo co previsto no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. A documentación que se presentará estará formada polos seguintes elementos:

a) Solicitude de pagamento, debidamente asinada polo representante legal do beneficiario.

b) Conta xustificativa segundo o establecido no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, asinada polo representante legal do beneficiario, que conterá:

1º. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2º. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

a. Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.



b. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.

c. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e da súa procedencia.

d. Acreditación, de ser o caso, do disposto no artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia.

c) Declaración doutras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto.

d) Declaración das axudas *de minimis* recibidas, ou solicitadas e pendentes de resolución, durante os tres últimos anos.

e) Certificados de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social (soamente no caso de denegar expresamente o consentimento ao órgano xestor para que solicite de oficio os certificados).

f) Xustificación do cumprimento das obrigas de publicidade e información, segundo o disposto no artigo 29 das presentes bases.

g) Relación dos servizos de banda larga ultrarrápida subvencionados para a súa identificación. Estes mesmos datos deben figurar, ademais, nas correspondentes facturas.

4. Toda a documentación necesaria para a xustificación da realización do proxecto, referida nos números anteriores, será presentada segundo o disposto no artigo 14, no prazo máximo que se fixe na convocatoria.

5. O órgano instructor poderá ditar instrucións ou guías para a elaboración de calquera aspecto relativo á documentación xustificativa da realización do proxecto.

6. Tal e como se establece no artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentar esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá o beneficiario para que no prazo improrrogable de dez (10) días a presente. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste número comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.



A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste número non eximirá o beneficiario das sancións que, conforme a lei, correspondan.

Artigo 27. *Pagamentos anticipados e garantías*

Non se prevé a realización de pagamentos anticipados.

Artigo 28. *Actuacións de comprobación*

1. O órgano encargado do seguimento das subvencións realizará as seguintes modalidades de actuacións de comprobación en aplicación do Regulamento (UE) nº 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013, do Parlamento Europeo e do Consello:

- a) Controis administrativos.
- b) Controis sobre o terreo.
- c) Controis *a posteriori*.

2. Os pagamentos calcularanse sobre a base dos importes que se consideren admisibles durante os controis administrativos determinados no artigo 48 do Regulamento (UE) nº 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014.

A autoridade competente examinará a solicitude de pagamento presentada polo beneficiario e determinará os importes admisibles. Ademais, fixará:

- a) Importe A: o importe pagadoiro ao beneficiario en función da solicitude de pagamento e a resolución de concesión.
- b) Importe B: o importe pagadoiro ao beneficiario tras o exame da admisibilidade do gasto que figure na solicitude de pagamento.

Se o importe A supera en máis dun dez por cento (10 %) o importe B, aplicarase unha redución ao importe B igual á diferenza entre eses dous importes, pero non irá alén da retirada total da subvención.



Con todo, non se aplicarán reducións cando o beneficiario poida demostrar, á satisfacción do órgano competente, que non é responsable da inclusión do importe non admisible ou cando o órgano competente adquira doutro xeito a convicción de que o beneficiario non é responsable diso.

3. Se se deducise que o gasto acreditado foi inferior ao subvencionable ou que se incumpriron, total ou parcialmente, as condicións de outorgamento da subvención, o órgano competente iniciará o procedemento de perda de dereito ao cobramento ou, se for o caso, de reintegro.

4. Cando se poña de manifesto a concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas na lei, iniciárase o procedemento de perda de dereito ao cobramento ou, se for o caso, de reintegro de acordo co establecido no título V, capítulo II, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e no artigo 32 destas bases. Este procedemento incluírá o trámite de audiencia ao interesado.

5. O beneficiario da subvención estará obrigado a facilitar as comprobacións do órgano encargado do seguimento das subvencións encamiñadas a comprobar a realización das actividades obxecto da subvención. Así mesmo, en relación co proxecto obxecto de subvención, o beneficiario deberá someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro das entidades competentes e, en particular, da Consellería do Medio Rural, Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), Consello de Contas, Tribunal de Contas, e ás que sexan realizadas por calquera órgano comunitario de inspección ou control.

6. O beneficiario asegurase de que os orixinais dos documentos xustificativos presentados estean á disposición dos organismos encargados do control, referidos no punto anterior, durante un período de polo menos cinco (5) anos a partir da presentación da xustificación, salvo que na resolución de concesión se especifique un prazo maior.

Artigo 29. Información e publicidade que realizará o beneficiario

1. Conforme o establecido no artigo 13 e no anexo III do Regulamento (UE) nº 808/2014, o beneficiario da subvención deberá cumprir coa normativa sobre información e publi-



dade da subvención do Feader indicadas no anexo III do referido regulamento. Dada a natureza das subvencións que se concederán ao abeiro das presentes bases, as obrigas de publicidade veranse satisfeitas do seguinte xeito:

a) Cando o beneficiario dispoña dun sitio web para uso profesional, deberá incluír durante ao menos 12 meses nun lugar visible, unha breve descrición da operación, cos seus obxectivos e resultados, destacando a axuda da Unión.

b) Colocar e manter durante ao menos 12 meses, nun lugar visible como a entrada principal da localización para a cal pediu a subvención, un cartel, placa, adhesivo ou impresión, con información sobre o proxecto, na cal se destacará a axuda da Unión. Cando a axuda publica recibida sexa superior a 10.000 euros este panel informativo terá un tamaño mínimo DIN-A3, e cando sexa igual ou inferior á dita cantidade o tamaño mínimo será de DIN-A5.

2. O órgano xestor facilitará aos beneficiarios modelos e exemplos para cumprir as obrigas de publicidade, que serán conformes coa extratexia de publicidade do Plan de Desenvolvemento Rural 2014-2020 de Galicia, que estea vixente en cada momento.

Artigo 30. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información e o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.



Artigo 31. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes serán incluídos nun ficheiro denominado «FL-002 Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio CINC, Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña ou a través dun correo electrónico a lop.d.amtega@xunta.gal

A finalidade da recolla e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que deriven da aplicación da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros agás de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso.

**CAPÍTULO VI
Reintegro e infraccións****Artigo 32. *Reintegros e infraccións***

1. O incumprimento dos requisitos establecidos nas presentes bases e demais normas aplicables, así como das condicións que, se for o caso, se establecesen na correspondente resolución de concesión dará lugar, logo do oportuno procedemento de reintegro, á obriga de devolver as subvencións percibidas e os xuros de demora correspondentes, conforme o disposto no título II, capítulo I da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no título V do seu regulamento.

Procederá o reintegro nas seguintes circunstancias:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedirían.



b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

c) Incumprimento do deber de xustificación ou a xustificación insuficiente dos gastos subvencionados.

d) Incumprimento do deber de adoptar as medidas de difusión contidas na lei.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeira, así como o incumprimento dos deberes contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) Incumprimento das obrigas impostas aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se alcanzan os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g) Incumprimento dos deberes das persoas beneficiarias, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2. Será de aplicación o previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia se concorreren os supostos de infraccións administrativas en materia de subvencións e axudas públicas.

3. As infraccións poderán ser cualificadas como leves, graves ou moi graves de acordo cos artigos 54, 55 e 56 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A potestade sancionadora por incumprimento establécese no seu artigo 66.



4. Sen prexuízo da obriga de satisfacer a penalización nos termos previstos, os beneficiarios deberán cumprir as obrigas cuxo incumprimento ou atraso se penalice, salvo que por razóns motivadas así se exonere diso explicitamente. As ditas penalizacións detraeranse do importe pendente de pagamento ao adxudicatario. No caso de que non existan cantidades pendentes de pagamento, as penalizacións faranse efectivas mediante o reintegro da subvención segundo o disposto neste artigo.

Disposición adicional única. *Normativa aplicable*

1. No non previsto nas presentes bases serán de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

2. Estas axudas están amparadas, no Regulamento (UE) nº 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea (TFUE) ás axudas *de minimis*. Igualmente, tamén é de aplicación segundo o sector de actividade do solicitante o Regulamento (UE) nº 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do TFUE ás axudas *de minimis* no sector agrícola.

3. Por tratarse de proxectos cofinanciados co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), será tamén de aplicación a normativa comunitaria reguladora deste fondo, así como a común aos fondos estruturais e de investimento europeos e toda a súa normativa de desenvolvemento: Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro; Regulamento (UE) nº 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro; Regulamento (UE) nº 1306/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro; Regulamento delegado (UE) nº 807/2014, da Comisión, do 11 de marzo; Regulamento de execución (UE) nº 808/2014, da Comisión, do 17 de xullo; Regulamento (UE) nº 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013, do Parlamento Europeo e do Consello.




XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

ANEXO II

PROCEDIMENTO SUBVENCIÓNS A EMPRESAS ILLADAS EN ZONAS RURAIS PARA A CONTRATACIÓN DE SERVICIOS DE BANDA LARGA ULTRARRÁPIDA	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO PR604A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	--	---------------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE							
RAZÓN SOCIAL						NIF	
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito, salvo os poderes outorgados ante notario mediante documento público, que serán obxecto de consulta electrónica automatizada)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
EN CALIDADE DE (administrador único, administrador solidario, conselleiro delegado ou apoderado, entre outros)			

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN							
Notifíquese a: ☐ Persoa solicitante ☐ Persoa representante							
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:							
TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO					
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE (poderá ser cambiado en calquera momento da tramitación do procedemento)							
☐ Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notific@ (https://notifica.xunta.gal). Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.							
☐ Postal (consignar o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)							
As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia Notific@ para que poida acceder ao contido delas de forma voluntaria.							
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			

DATOS BANCARIOS							
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.							
TITULAR DA CONTA				NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)			
				IBAN			

DATOS DO INVESTIMENTO E CONTÍA SOLICITADA		
INVESTIMENTO TOTAL SUBVENCIONABLE QUE VAI REALIZAR (SEN IVE)	PORCENTAXE DE SUBVENCIÓN SOLICITADA	SUBVENCIÓN TOTAL SOLICITADA

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

CVE-DOG: i743ipe6-i5u1-b005-pb07-6uurdketse0


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

ANEXO II
(continuación)

DATOS DA LOCALIZACIÓN PARA A CAL SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

REFERENCIA CATASTRAL

TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA

PARROQUIA	LUGAR

CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE

NÚMERO MEDIO DE EMPREGADOS	CAUDAL DE DESCARGA DO SERVIZO DE BANDA LARGA EXISTENTE NA ACTUALIDADE

A PERSONA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas a outras entidades públicas e/ou privadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	DATA DE RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN	DATA DE PAGAMENTO DA AXUDA	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para os investimentos deste mesmo proxecto doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que en relación con outras axudas de *minimis* concedidas nos últimos 3 anos (2015, 2016 e 2017) ou solicitadas e pendentes de resolución:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda baixo o réxime de *minimis*.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas baixo o réxime de *minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	DATA DE RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN	DATA DE PAGAMENTO DA AXUDA	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime de *minimis*, no ano 2017 en curso, doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que o sector de actividade que se vai ver beneficiado polo proxecto para o cal se solicita a subvención a fin de determinar o regulamento de *minimis* de aplicación é:

- ☐ Pesca e acuicultura
- ☐ Produción primaria de produtos agrícolas
- ☐ Operacións de transporte de mercadorías por estrada
- ☐ Outras actividades non recollidas nas anteriores

4. Que non ten contratado nin pode contratar en condicións de mercado, na localización obxecto de solicitude, servizos de banda larga con trinta (30) ou máis megabits por segundo de descarga (fluxo de datos no sentido da rede ao usuario).

5. Que solicitou oferta para a provisión de acceso á banda larga ultrarrápida ao usuario final na localización para a cal se solicita a subvención, a un mínimo de tres (3) provedores diferentes, que se detallan a seguir, e manifesta o seu consentimento ao órgano xestor para recadar información complementaria aos provedores de servizos de banda larga respecto destas solicitudes e a resposta a elas.

PROVEDOR DE SERVIZOS DE BANDA LARGA	DATA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE DE SERVIZOS	REFERENCIA DO PROVEDOR, DA SOLICITUDE DE SERVIZOS (en caso de existir)	RECIBIDA OFERTA EN RESPONSA Á SOLICITUDE	REFERENCIA DO PROVEDOR DA OFERTA DE SERVIZOS (en caso de existir)
			☐ SI ☐ NON	
			☐ SI ☐ NON	
			☐ SI ☐ NON	

6. Que as entidades provedoras non están vinculadas coa persoa solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores e que non concorre neles ningunha das prohibicións recollidas no artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 16 de xuño, de subvencións de Galicia, nin no artigo 43 do regulamento que desenvolve a dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIAANEXO II
(continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA (continuación)

7. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
8. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia nin en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
9. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
10. Non atoparse en crise segundo a definición e condicións establecidas nas directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e reestruturación de empresas non financeiras en crise (2014/C249/01).
11. Non atoparse suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión Europea que declarase unha axuda ao beneficiario ilegal e incompatible co mercado común.
12. Que a persoa solicitante, en caso de resultar beneficiaria, asumirá o cumprimento de todas as obrigas establecidas na presente convocatoria de subvencións e nas súas bases reguladoras.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Oferta para a provisión de acceso á banda larga ultrarrápida para a cal se solicita a subvención (artigo 13.1.a).
- ☐ Outras ofertas para a provisión de acceso de banda larga ultrarrápida ao usuario final na localización para a cal solicita a subvención, de terse recibido (artigo 13.1.b).
- ☐ Xustificación da elección da oferta para a provisión de acceso á banda larga ultrarrápida para a cal solicita a subvención cando a elección non recaía na oferta de menor importe (artigo 13.1.c).
- ☐ Xustificación da imposibilidade de obter tres ofertas para a provisión de acceso á banda larga ultrarrápida, se é o caso (artigo 13.1.d).
- ☐ Se é o caso, documentos sobre os cales denegue a comprobación de datos mediante consulta electrónica automatizada.
- ☐ Se é o caso, outra documentación:

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Se é o caso, poder de representación da persoa representante, só no caso de poder non outorgado ante notario, e recollido nun documento privado. Tamén pode indicar se o documento xa foi presentado ante a Xunta de Galicia, identificando os seguintes datos:	☐		

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta electrónica automatizada. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os devanditos documentos.	DENEGUE E PRESENTE O DOCUMENTO
☒ NIF da persoa solicitante.	☐
☒ DNI/NIE da persoa representante.	☐
☒ Estar ao día nas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.	☐
☒ Estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.	☐
☒ Estar ao día no pagamento coa Consellería de Facenda.	☐

MARQUE O CADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN

☐ Poder de representación da persoa representante, só no caso de poder outorgado ante notario mediante documento público	☐
---	--------------------------

DATA DO PODER	Nº PROTOCOLO	NOME E APELIDOS DO NOTARIO	COLEXIO A QUE PERTENCE

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a lopd.amtega@xunta.gal

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 10 de marzo de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a empresas illadas en zonas rurais para a contratación de servizos de banda larga ultrarrápida, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (procedemento administrativo PR604A).

SIGNATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de


Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

CVE-DOG: i743ipe6-i5u1-b005-pb07-6uurdketse0

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

ANEXO III Lista de zonas obxectivo

A relación de zonas obxectivo recollidas na táboa seguinte resulta da aplicación da instrución número 1, do 23 de agosto de 2016, emitida pola Autoridade de Xestión do Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 referida ao ámbito territorial do dito plan.

Provincia	Concello	Zonas obxectivo
A Coruña	Abegondo	Todo o concello
A Coruña	Ames	Todo o concello
A Coruña	Aranga	Todo o concello
A Coruña	Ares	Todo o concello
A Coruña	Arteixo	Todo o concello
A Coruña	Arzúa	Todo o concello
A Coruña	Baña, A	Todo o concello
A Coruña	Bergondo	Todo o concello
A Coruña	Betanzos	Todo o concello
A Coruña	Boimorto	Todo o concello
A Coruña	Boiro	Todo o concello
A Coruña	Boqueixón	Todo o concello
A Coruña	Brión	Todo o concello
A Coruña	Cabana de Bergantiños	Todo o concello
A Coruña	Cabanas	Todo o concello
A Coruña	Camariñas	Todo o concello
A Coruña	Cambre	As seguintes parroquias: Anceis (San Xoán), Andeiro (San Martiño), Brexo (San Paio), Bribes (San Cibrán), Cambre (Santa María), Cecebre (San Salvador), Cela (San Xulián), Meixigo (San Lourenzo), Pravio (San Xoán), Sigrás (Santiago), Vigo (Santa María)
A Coruña	Capela, A	Todo o concello
A Coruña	Carballo	Todo o concello
A Coruña	Carnota	Todo o concello
A Coruña	Carral	Todo o concello
A Coruña	Cedeira	Todo o concello
A Coruña	Cee	Todo o concello
A Coruña	Cerceda	Todo o concello
A Coruña	Cerdido	Todo o concello
A Coruña	Coirós	Todo o concello
A Coruña	Corcubión	Todo o concello
A Coruña	Coristanco	Todo o concello
A Coruña	Coruña, A	As seguintes parroquias: Elviña (San Vicenzo)
A Coruña	Culleredo	As seguintes parroquias: Castelo (Santiago), Celas (Santa María), Culleredo (Santo Estevo), Ledoño (San Pedro), Orro (San Salvador), Sésamo (San Martiño), Sueiro (Santo Estevo), Veiga (San Silvestre)
A Coruña	Curtis	Todo o concello
A Coruña	Dodro	Todo o concello



Provincia	Concello	Zonas obxectivo
A Coruña	Dumbría	Todo o concello
A Coruña	Fene	Todo o concello
A Coruña	Ferrol	As seguintes parroquias: Brión (Santa María), A Cabana (Santo Antonio), Covas (San Martiño), Doniños (San Román), Esmelle (San Xoán), A Graña (Santa Rosa de Viterbo), Leixa (San Pedro), Mandiá (Santa Uxía), San Xurxo da Mariña (San Xurxo), Marmancón (San Pedro), Serantes (San Salvador)
A Coruña	Fisterra	Todo o concello
A Coruña	Frades	Todo o concello
A Coruña	Irixoa	Todo o concello
A Coruña	Laxe	Todo o concello
A Coruña	Laracha, A	Todo o concello
A Coruña	Lousame	Todo o concello
A Coruña	Malpica de Bergantiños	Todo o concello
A Coruña	Mañón	Todo o concello
A Coruña	Mazaricos	Todo o concello
A Coruña	Melide	Todo o concello
A Coruña	Mesia	Todo o concello
A Coruña	Miño	Todo o concello
A Coruña	Moeche	Todo o concello
A Coruña	Monfero	Todo o concello
A Coruña	Mugardos	Todo o concello
A Coruña	Muxía	Todo o concello
A Coruña	Muros	Todo o concello
A Coruña	Narón	As seguintes parroquias: Río do Pozo, Castro (Santa María), Doso (San Lourenzo), San Xiao de Narón (San Xiao), Pedroso (San Salvador), Sedes (Santo Estevo), Trasancos (San Mateo), O Val (Santa María a Maior)
A Coruña	Neda	Todo o concello
A Coruña	Negreira	Todo o concello
A Coruña	Noia	Todo o concello
A Coruña	Oleiros	As seguintes parroquias: Dexo (Santa María), Dorneda (San Martiño), Iñás (San Xorxe), Liáns (Santaia), Maianca (San Cosme), San Pedro de Nós (San Pedro), Oleiros (Santa María), Serantes (San Xíán)
A Coruña	Ordes	Todo o concello
A Coruña	Oroso	Todo o concello
A Coruña	Ortigueira	Todo o concello
A Coruña	Outes	Todo o concello
A Coruña	Paderne	Todo o concello
A Coruña	Padrón	Todo o concello
A Coruña	Pino, O	Todo o concello
A Coruña	Pobra do Caramiñal, A	Todo o concello
A Coruña	Ponteceso	Todo o concello
A Coruña	Pontedeume	Todo o concello
A Coruña	Pontes de García Rodríguez, As	Todo o concello



Provincia	Concello	Zonas obxectivo
A Coruña	Porto do Son	Todo o concello
A Coruña	Rianxo	Todo o concello
A Coruña	Ribeira	Todo o concello
A Coruña	Rois	Todo o concello
A Coruña	Sada	Todo o concello
A Coruña	San Sadurniño	Todo o concello
A Coruña	Santa Comba	Todo o concello
A Coruña	Santiago de Compostela	As seguintes parroquias: Aríns (San Martiño), Bando (Santa Eulalia), A Barciela (Santo André), Busto (San Pedro), O Carballal (San Xulián), O Castiñeiríño (Nosa Señora de Fátima), Cesar (Santa María), Conxo (Santa María), O Eixo (San Cristovo), A Enfesta (San Cristovo), Fecha (San Xoán), Santa Cristina de Fecha (Santa Cristina), Figueiras (Santa María), Grixoa (Santa María), Laraño (San Martiño), Marantes (San Vicente), Marrozos (Santa María), Nemenzo (Santa Cristina), Sabugueira (San Paio), Vidán (Divino Salvador), San Paio (Santiago), A Peregrina (Santa María), Verdía (Santa Mariña), Vilvestro (Santa María)
A Coruña	Santiso	Todo o concello
A Coruña	Sobrado	Todo o concello
A Coruña	Somozas, As	Todo o concello
A Coruña	Teo	Todo o concello
A Coruña	Toques	Todo o concello
A Coruña	Tordoia	Todo o concello
A Coruña	Touro	Todo o concello
A Coruña	Trazo	Todo o concello
A Coruña	Valdoviño	Todo o concello
A Coruña	Val do Dubra	Todo o concello
A Coruña	Vedra	Todo o concello
A Coruña	Vilasantar	Todo o concello
A Coruña	Vilarmaior	Todo o concello
A Coruña	Vimianzo	Todo o concello
A Coruña	Zas	Todo o concello
A Coruña	Cariño	Todo o concello
A Coruña	Oza-Cesuras	Todo o concello
Lugo	Abadín	Todo o concello
Lugo	Alfoz	Todo o concello
Lugo	Antas de Ulla	Todo o concello
Lugo	Baleira	Todo o concello
Lugo	Barreiros	Todo o concello
Lugo	Becerreá	Todo o concello
Lugo	Begonte	Todo o concello
Lugo	Bóveda	Todo o concello
Lugo	Carballedo	Todo o concello
Lugo	Castro de Rei	Todo o concello



Provincia	Concello	Zonas obxectivo
Lugo	Castroverde	Todo o concello
Lugo	Cervantes	Todo o concello
Lugo	Cervo	Todo o concello
Lugo	Corgo, O	Todo o concello
Lugo	Cospeito	Todo o concello
Lugo	Chantada	Todo o concello
Lugo	Folgoso do Courel	Todo o concello
Lugo	Fonsagrada, A	Todo o concello
Lugo	Foz	Todo o concello
Lugo	Friol	Todo o concello
Lugo	Xermade	Todo o concello
Lugo	Guitiriz	Todo o concello
Lugo	Guntín	Todo o concello
Lugo	Incio, O	Todo o concello
Lugo	Xove	Todo o concello
Lugo	Láncara	Todo o concello
Lugo	Lourenzá	Todo o concello
Lugo	Lugo	As seguintes parroquias: Adai (Santa María Madanela), Santa María de Alta (Santa María), San Xoán do Alto (San Xoán), San Mamede dos Anxos (San Mamede), Bacurín (San Miguel), Bascuas (Santa María), Bazar (San Remixio), Benade (Santo Estevo), Bocamaos (San Xillao), Santalla de Bóveda de Mera (Santalla), Bóveda (Santa María), O Burgo (San Vicente), Calde (San Pedro), Camoira (Santo Estevo), San Xoán do Campo (San Xoán), Carballido (San Martiño), Santo André de Castro (Santo André), Coeo (San Vicente), Coeses (Santa María Madanela), Cuiña (Santalla), Esperante (Santalla), Santa Marta de Fixós (Santa Marta), Gondar (Santa María), Ombreiro (San Martiño), Labio (San Pedro), Lamas (Santalla), Mazoi (Santalla), Meilán (Santiago), San Pedro de Mera (San Pedro), Monte de Meda (Santa María Madanela), San Salvador de Muxa (San Salvador), Muxa (Santa María), Orbazai (San Miguel), O Outeiro das Camoiras (San Salvador), Pedreda (San Vicente), San Xoán de Pena (San Xoán), Pías (San Vicente), San Martiño de Piñeiro (San Martiño), Piúgos (Santiago), Poutomillos (San Martiño), Prógalo (Santiago), Recimil (San Lourenzo), Ribas de Miño (San Mamede), Romeán (San Pedro), Rubiás (San Xillao), Saa (Santiago), San Román (Santa Cristina), Santa Comba (San Pedro), Soñar (San Pedro), Teixeira (Santa María), Tirimol (San Xoán), Torible (Santa Mariña), O Veral (San Vicente), Vilachá de Mera (San Xillao)
Lugo	Meira	Todo o concello
Lugo	Mondoñedo	Todo o concello
Lugo	Monforte de Lemos	Todo o concello
Lugo	Monterroso	Todo o concello
Lugo	Muras	Todo o concello
Lugo	Navia de Suarna	Todo o concello
Lugo	Negreira de Muñiz	Todo o concello
Lugo	Nogais, As	Todo o concello
Lugo	Ouro	Todo o concello
Lugo	Outeiro de Rei	Todo o concello
Lugo	Palas de Rei	Todo o concello



Provincia	Concello	Zonas obxectivo
Lugo	Pantón	Todo o concello
Lugo	Paradela	Todo o concello
Lugo	Páramo, O	Todo o concello
Lugo	Pastoriza, A	Todo o concello
Lugo	Pedrafita do Cebreiro	Todo o concello
Lugo	Pol	Todo o concello
Lugo	Pobra do Brollón, A	Todo o concello
Lugo	Pontenova, A	Todo o concello
Lugo	Portomarín	Todo o concello
Lugo	Quiroga	Todo o concello
Lugo	Ribadeo	Todo o concello
Lugo	Ribas de Sil	Todo o concello
Lugo	Ribeira de Piquín	Todo o concello
Lugo	Riotorto	Todo o concello
Lugo	Samos	Todo o concello
Lugo	Rábade	Todo o concello
Lugo	Sarria	Todo o concello
Lugo	Saviñao, O	Todo o concello
Lugo	Sober	Todo o concello
Lugo	Taboada	Todo o concello
Lugo	Trabada	Todo o concello
Lugo	Triacastela	Todo o concello
Lugo	Valadouro, O	Todo o concello
Lugo	Vicedo, O	Todo o concello
Lugo	Vilalba	Todo o concello
Lugo	Viveiro	Todo o concello
Lugo	Baralla	Todo o concello
Lugo	Burela	Todo o concello
Ourense	Allariz	Todo o concello
Ourense	Amoeiro	Todo o concello
Ourense	Arnoia, A	Todo o concello
Ourense	Avión	Todo o concello
Ourense	Baltar	Todo o concello
Ourense	Bande	Todo o concello
Ourense	Baños de Molgas	Todo o concello
Ourense	Barbadás	As seguintes parroquias: Barbadás (San Xoán), Bentraces (San Xoán), Loiro (San Martiño), Piñor (San Lourenzo), Sobrado do Bispo (Santa María)
Ourense	Barco de Valdeorras, O	Todo o concello
Ourense	Beade	Todo o concello
Ourense	Beariz	Todo o concello
Ourense	Blancos, Os	Todo o concello
Ourense	Boborás	Todo o concello
Ourense	Bola, A	Todo o concello



Provincia	Concello	Zonas obxectivo
Ourense	Bolo, O	Todo o concello
Ourense	Calvos de Randín	Todo o concello
Ourense	Carballeda de Valdeorras	Todo o concello
Ourense	Carballeda de Avia	Todo o concello
Ourense	Carballiño, O	Todo o concello
Ourense	Cartelle	Todo o concello
Ourense	Castrelo do Val	Todo o concello
Ourense	Castrelo de Miño	Todo o concello
Ourense	Castro Caldelas	Todo o concello
Ourense	Celanova	Todo o concello
Ourense	Cenlle	Todo o concello
Ourense	Coles	Todo o concello
Ourense	Cortegada	Todo o concello
Ourense	Cualedro	Todo o concello
Ourense	Chandrexa de Queixa	Todo o concello
Ourense	Entrimo	Todo o concello
Ourense	Esgos	Todo o concello
Ourense	Xinzo de Limia	Todo o concello
Ourense	Gomesende	Todo o concello
Ourense	Gudiña, A	Todo o concello
Ourense	Irixo, O	Todo o concello
Ourense	Xunqueira de Ambía	Todo o concello
Ourense	Xunqueira de Espadanedo	Todo o concello
Ourense	Larouco	Todo o concello
Ourense	Laza	Todo o concello
Ourense	Leiro	Todo o concello
Ourense	Lobeira	Todo o concello
Ourense	Lobios	Todo o concello
Ourense	Maceda	Todo o concello
Ourense	Manzaneda	Todo o concello
Ourense	Maside	Todo o concello
Ourense	Melón	Todo o concello
Ourense	Merca, A	Todo o concello
Ourense	Mezquita, A	Todo o concello
Ourense	Montederramo	Todo o concello
Ourense	Monterrei	Todo o concello
Ourense	Muíños	Todo o concello
Ourense	Nogueira de Ramuín	Todo o concello
Ourense	Oímbra	Todo o concello
Ourense	Ourense	As seguintes parroquias: Arrabaldo (Santa Cruz), Beiro (Santa Baia), O Castro de Beiro (Santo André), Ceboliño (Bo Xesús), Cudeiro (San Pedro), Santa Mariña do Monte (Santa Mariña), Palmés (San Mamede), Rairo (Santa Lucía), Reza (Santa María), Seixalbo (San Breixo), Trasalba (San Pedro), Untes (Santo Estevo), Velle (Santa Marta), Vilar de Astrés (Purísima Concepción), Canedo (San Miguel)



Provincia	Concello	Zonas obxectivo
Ourense	Paderne de Allariz	Todo o concello
Ourense	Padrenda	Todo o concello
Ourense	Parada de Sil	Todo o concello
Ourense	Pereiro de Aguiar, O	Todo o concello
Ourense	Peroxa, A	Todo o concello
Ourense	Petín	Todo o concello
Ourense	Piñor	Todo o concello
Ourense	Porqueira	Todo o concello
Ourense	Pobra de Trives, A	Todo o concello
Ourense	Pontedeva	Todo o concello
Ourense	Punxín	Todo o concello
Ourense	Quintela de Leirado	Todo o concello
Ourense	Rairiz de Veiga	Todo o concello
Ourense	Ramirás	Todo o concello
Ourense	Ribadavia	Todo o concello
Ourense	San Xoán de Río	Todo o concello
Ourense	Riós	Todo o concello
Ourense	Rúa, A	Todo o concello
Ourense	Rubiá	Todo o concello
Ourense	San Amaro	Todo o concello
Ourense	San Cibrao das Viñas	Todo o concello
Ourense	San Cristovo de Cea	Todo o concello
Ourense	Sandiás	Todo o concello
Ourense	Sarreaus	Todo o concello
Ourense	Taboadela	Todo o concello
Ourense	Teixeira, A	Todo o concello
Ourense	Toén	Todo o concello
Ourense	Trasmiras	Todo o concello
Ourense	Veiga, A	Todo o concello
Ourense	Verea	Todo o concello
Ourense	Verín	Todo o concello
Ourense	Viana do Bolo	Todo o concello
Ourense	Vilamarín	Todo o concello
Ourense	Vilamartín de Valdeorras	Todo o concello
Ourense	Vilar de Barrio	Todo o concello
Ourense	Vilar de Santos	Todo o concello
Ourense	Vilardevós	Todo o concello
Ourense	Vilariño de Conso	Todo o concello
Pontevedra	Arbo	Todo o concello
Pontevedra	Barro	Todo o concello
Pontevedra	Baiona	Todo o concello
Pontevedra	Bueu	Todo o concello
Pontevedra	Caldas de Reis	Todo o concello



Provincia	Concello	Zonas obxectivo
Pontevedra	Cambados	Todo o concello
Pontevedra	Campo Lameiro	Todo o concello
Pontevedra	Cangas	Todo o concello
Pontevedra	Cañiza, A	Todo o concello
Pontevedra	Catoira	Todo o concello
Pontevedra	Cerdedo	Todo o concello
Pontevedra	Cotobade	Todo o concello
Pontevedra	Covelo	Todo o concello
Pontevedra	Crecente	Todo o concello
Pontevedra	Cuntis	Todo o concello
Pontevedra	Dozón	Todo o concello
Pontevedra	Estrada, A	Todo o concello
Pontevedra	Forcarei	Todo o concello
Pontevedra	Fornelos de Montes	Todo o concello
Pontevedra	Agolada	Todo o concello
Pontevedra	Gondomar	Todo o concello
Pontevedra	Grove, O	Todo o concello
Pontevedra	Guarda, A	Todo o concello
Pontevedra	Lalín	Todo o concello
Pontevedra	Lama, A	Todo o concello
Pontevedra	Marín	Todo o concello
Pontevedra	Meaño	Todo o concello
Pontevedra	Meis	Todo o concello
Pontevedra	Moaña	Todo o concello
Pontevedra	Mondariz	Todo o concello
Pontevedra	Mondariz-Balneario	Todo o concello
Pontevedra	Moraña	Todo o concello
Pontevedra	Mos	Todo o concello
Pontevedra	Neves, As	Todo o concello
Pontevedra	Nigrán	Todo o concello
Pontevedra	Oia	Todo o concello
Pontevedra	Pazos de Borbén	Todo o concello
Pontevedra	Pontevedra	As seguintes parroquias: Alba (Santa María), Verducido (San Martiño), Bora (Santa Mariña), Campañó (San Pedro), A Canicouva (Santo Estevo), Cerponzóns (San Vicente), Xeve (Santo André), Santa María de Xeve (Santa María), Lourizán (Santo André), Marcón (San Miguel), Ponte Sampaio (Santa María), Tomeza (San Pedro)
Pontevedra	Porriño, O	Todo o concello
Pontevedra	Portas	Todo o concello
Pontevedra	Poio	As seguintes parroquias: Combarro (San Roque), Poio (San Xoán), Raxó (San Gregorio), Samieira (Santa María)
Pontevedra	Ponteareas	Todo o concello
Pontevedra	Ponte Caldelas	Todo o concello
Pontevedra	Pontecesures	Todo o concello



Provincia	Concello	Zonas obxectivo
Pontevedra	Redondela	Todo o concello
Pontevedra	Ribadumia	Todo o concello
Pontevedra	Rodeiro	Todo o concello
Pontevedra	Rosal, O	Todo o concello
Pontevedra	Salceda de Caselas	Todo o concello
Pontevedra	Salvaterra de Miño	Todo o concello
Pontevedra	Sanxenxo	Todo o concello
Pontevedra	Silleda	Todo o concello
Pontevedra	Soutomaior	Todo o concello
Pontevedra	Tomiño	Todo o concello
Pontevedra	Tui	Todo o concello
Pontevedra	Valga	Todo o concello
Pontevedra	Vigo	As seguintes parroquias: Cíes, Beade (Santo Estevo), Bembrive (Santiago), Cabral (Santa Mariña), Coruxo (San Salvador), Matamá (San Pedro), Oia (San Miguel), Saiáns (San Xurxo), Valadares (Santo André), Zamáns (San Mamede)
Pontevedra	Vilaboa	Todo o concello
Pontevedra	Vila de Cruces	Todo o concello
Pontevedra	Vilagarcía de Arousa	Todo o concello
Pontevedra	Vilanova de Arousa	Todo o concello
Pontevedra	Illa de Arousa, A	Todo o concello

